

A Comisión de Peticións, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 10 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Informe Anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018

- 1.1 56746 (10/IVAL-000003)
Valedor do Pobo
Informe Anual correspondente ao ano 2018
Publicación do Informe anual, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

Punto 2. Dereito de petición

- 2.1 35846 (10/VUDE-000014)
Asociación Animalista Libera-Fundación Franz Weber
Petición para a creación dun Rexistro de grupos de interese actuantes na Xunta de Galicia e no Parlamento Autonómico
- 2.2 36165 (10/VUDE-000015)
Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector
Dereito de petición polo que solicita información do momento no que está a aprobación pendente do Decreto polo que se regulan as vivendas protexidas e a súa adxudicación, os locais do patrimonio do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o solo destinado á vivenda protexida e o Rexistro de Promotores de Vivenda da Comunidade Autónoma
- 2.3 40430 (10/VUDE-000016)
Asociación Animalista Liber
Petición de desenvolvemento das medidas lexislativas axeitadas para a creación do Rexistro Galego de Persoas Maltratadoras de Animais co obxectivo de mellorar as condicións de cumprimento das inhabilitacións establecidas na normativa vixente
- 2.4 41554 (10/VUDE-000017)
Dereito de petición polo que solicita a creación dunha Comisión Especial para a revisión da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, para a inclusión da consideración dos animais como seres sentintes, outorgándolles unha maior protección fundamental da súa



integridade e dos seus dereitos

- 2.5 42643 (10/VUDE-000018)
Compromiso por Galicia
Dereito de petición sobre a importancia da formación profesional
- 2.6 46664 (10/VUDE-000020)
Dereito de petición relativo á tributación fiscal das axudas para
incorporación a actividade agraria de xoves agricultores
- 2.7 47147 (10/VUDE-000021)
Cidadáns-Partido da Cidadanía
Dereito de Petición para manifestar a necesidade de seguir traballando e
desenvolvendo medidas para alcanzar unha igualdade real e efectiva entre
mulleres e homes
- 2.8 49828 (10/VUDE-000022)
Sobre solicitude de declaración como inconstitucional e nulo de pleno
dereito escrito da Xunta de Galicia sobre plantación de piñeiros de Oregon
- 2.9 50008 (10/VUDE-000023)
Escrito relativo ás actuacións do Valedor do Pobo respecto a unha queixa
sobre a denegación dunha licenza de obra polo concello de Pontecesures,
dirixido á Comisión de Peticións
- 2.10 52152 (10/VUDE-000024)
Cidadáns-Partido da Cidadanía
Dereito de petición dunha declaración institucional de condena á difusión e
limpeza da imaxe de persoas condenadas por pertenza e integración en
organización terrorista na radio-televisión pública
- 2.11 52439 (10/VUDE-000025)
Ciudadanos Galicia
Sobre solicitude de declaración institucional de condena da discriminación
e dos actos de odio e violencia por motivos ideolóxicos sufridos por
representes de Cs durante as celebracións do orgullo LGTBI
- 2.12 54141 (10/VUDE-000026)
Dereito de petición para a protección activa da infancia sobre contidos
violentos en emisións audiovisuais



- 2.13 55622 (10/VIUDE-000027)
Sobre recuperación do Medio Ambiente
- 2.14 57017 (10/VIUDE-000028)
Sobre situación do persoal estatutario fixo en servizos especiais

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente da Comisión

Miguel Ángel Santalices
Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.
es
Fecha: 2019.10.07 19:05:48 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 07/10/2019 19:05:48

